

COMO ESTAMOS REPRESENTADOS AS TRABALLADORAS E OS TRABALLADORES?

O órgano de representación paritaria no que concirne á prevención de riscos laborais e a saúde profesional é o Comité de Seguridade e Saúde, dependendo da área dos traballadores. Está formado polos/as Delegados/as de Prevención propostos polos Sindicatos e a outra metade pola parte da Administración

Cales son as súas funcións?

- ❁ **Avaliación e posta en práctica** de plans e programas de prevención.
- ❁ **Promover iniciativas** sobre métodos e procedementos para a efectiva prevención e corrección de deficiencias.
- ❁ **Recibir información** sobre: situación da prevención nos centros, sobre as condicións de traballo, sobre accidentes ou danos da saúde dos/as traballadores/as

Quen son e que funcións realizan os Delegados de Prevención?

- ❁ **Son representantes dos/as traballadores/as** en materia de prevención de riscos laborais.
- ❁ **Colaborar** coa dirección dos centros na mellora da acción preventiva.
- ❁ **Asesorar aos/as** traballadores/as e atender as súas demandas relacionadas coa seguridade e saúde.
- ❁ **Ser consultados pola Administración** en todos os aspectos que teñan que ver coa seguridade e saúde.
- ❁ **Exercer o labor de vixilancia e control** sobre o cumprimento da normativa de prevención de riscos laborais.
- ❁ **Acompañar aos Técnicos de Prevención** nas avaliacións de carácter preventivo dos ambientes de traballo, así como aos inspectores de Traballo e Seguridade Social.
- ❁ **Esixir da Administración** a adopción de medidas de carácter preventivo.
- ❁ **Denunciar ante a Inspección de Traballo** todas aquelas actuacións que incumpran a normativa en materia de prevención.

A prevención de riscos e os comités de seguridade e saúde laboral



A LEI DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS é unha norma de aplicación obrigatoria en todos os centros de traballo, tanto públicos como privados.

Esta lei concédenos aos docentes, como ao resto dos traballadores e traballadoras, uns dereitos en materia de seguridade e saúde no traballo, entre outros:

- ❁ O dereito a preservar a nosa saúde.
- ❁ O dereito a que se nos informe dos riscos no traballo, das súas consecuencias e das medidas que se adoptan para evitalos ou reducilos.
- ❁ O dereito a que se nos forme sobre como debemos actuar ante os riscos no traballo.
- ❁ O dereito a que se nos fagan recoñecementos médicos periódicos.

A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, SANIDADE OU DA QUE SE TRATE, INCLUÍNDO EMPRESAS PRIVADAS, DEBEN VELAR POLO CUMPRIMENTO DESTA LEI.

Como?

Aplicando a mesma e todas as normas que a desenvolven, ben a través da dirección dos centros, cando as medidas a adoptar estean dentro do seu alcance, ben por medio da propia Consellería ou Empresa, cando os centros non dispoñan da capacidade técnica, humana ou económica necesaria.

Cales son algunhas destas normas?

- ❁ Norma de seguridade e saúde nos lugares de traballo.
- ❁ Norma de utilización de pantallas (ordenadores).
- ❁ Norma de sinalización nos lugares de traballo.
- ❁ Normativa da Seguridade Social ou outros organismos en materia de risco durante o embarazo.
- ❁ Lei de Emerxencia en Protección civil e a xestión de emerxencias.

Que riscos atopamos no noso traballo e cales son as súas consecuencias?

- ❁ Riscos do contorno psicosocial e organizativos: carga mental, acoso laboral (mobbing). **Consecuencias:** estrés negativo, ansiedade, ou a Síndrome do traballador/a queimado/a (burnout).
- ❁ Riscos ambientais: temperaturas, humidade, ruídos e outros factores. **Consecuencias:** problemas respiratorios, perda de voz, perda de audición.
- ❁ Riscos derivados das condicións dos lugares de traballo: ocupación e evacuación dos espazos, uso de máquinas, ordenadores, etc. **Consecuencias:** caídas, aprisionamentos, problemas osteomusculares.

CON QUE MEDIOS CONTAN AS CONSELLERÍAS DA ADMINISTRACIÓN E AS EMPRESAS PARA VELAR POLA NOSA SEGURIDADE E SAÚDE?

CO SERVIZO DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS.

Poden ser propios ou privados e contratados, pero deberán contar como mínimo con:

- ❁ Medicina do traballo.
- ❁ Seguridade no traballo.
- ❁ Hixiene Industrial.
- ❁ Ergonomía y psicosocioloxía aplicada.

Cales son a súas funcións?

A avaliación inicial dos riscos nos centros de traballo. Os técnicos do servizo visitan os lugares de traballo para detectar os posibles riscos.

Proposta de implantación das medidas preventivas. Unha vez detectados os riscos propóñense medidas correctoras e preventivas, xerarquizadas segundo o nivel de risco detectado. Os responsables da implantación son os entes administrativos da Administración ou das Empresas, programando a curto, medio e longo prazo.

Información e formación dos traballadores. A avaliación dos riscos complétase coa información a todo o persoal, tanto dos riscos comúns ou estruturais, como dos específicos de cada posto de traballo. Así mesmo, realizarán a formación básica en cuestións como o uso correcto das pantallas de datos, da voz, doutros equipos de protección individual (EPI).

Elaboración de informes e proposta de medidas correctoras sobre riscos concretos para a saúde e/ou seguridade, a petición dos interesados ben individual ou colectivamente. Neste apartado inclúense os riscos, como consecuencia do traballo realizado, polas traballadoras en situación de embarazo ou lactancia (RD 298/2004).

Elaboración dos plans de emerxencia e autoprotección. Un dos apartados importantes da seguridade dos centros de traballo é dispoñer dun protocolo de actuación en caso de incendios ou outras emerxencias, en cuxa confección e/ou asesoramento participa o Servizo de Prevención. A súa implantación é responsabilidade dos propios centros.

Vixilancia da saúde. Función asumida pola sección de saúde laboral. Realízanse recoñecementos médicos periódicos. Estes exames sempre se farán co consentimento das traballadoras e traballadores.

